

Dirección Xeral de Formación Profesional
Rede de Centros Integrados de Formación Profesional

CONVOCATORIA CURSO 2025-2026

**CONVOCATORIA DE BOLSAS DE MOBILIDADE PARA
FORMACIÓN DOCENTE – CONSORCIO CARTES.**

ERASMUS+

12 de marzo de 2026

Índice

| | |
|--|---|
| 1. Obxecto da convocatoria..... | 3 |
| 2. Destinatarios e requisitos para a participación na convocatoria.... | 3 |
| 3. Duración | 3 |
| 4. Criterios de selección..... | 3 |
| 5. Obriga das persoas participantes..... | 4 |
| 6. Renuncia ás axudas..... | 3 |
| 7. Presentación das solicitudes..... | 4 |
| 8. Prazos | 4 |

1 Obxecto da convocatoria

Convócanse **1 bolsa de mobilidade para profesorado** do CIFP Audiovisual de Vigo, destinadas a realizar unha estancia formativa na St. Paul 's University en Kenia **de do 4 ao 8 de maio de 2026**, no marco do programa Erasmus+ a través do Consorcio CARTES.

2 Destinatarios e requisitos para a participación na convocatoria

Profesorado do CIFP Audiovisual de Vigo que estea a exercer no centro tanto no momento da convocatoria como no momento de realización da mobilidade, e que non realizase nin vaia realizar ningunha mobilidade Erasmus+ durante o curso académico 2025-2026.

3 Duración

Cinco días do do 4 ao 8 de maio de 2026

4 Criterios de selección de candidatos

| CRITERIOS SELECCIÓN | DOCUMENTACIÓN | BAREMO | |
|---|---|---|----------|
| A. Experiencia docente <u>nas</u> especialidades do profesorado do centro (1 05, 018, 119, 229) | Certificación acreditativa | 5 anos ou máis | 3 puntos |
| | | 3 a 5 anos | 2 puntos |
| | | 1 a 2 anos | 1 punto |
| | | Máximo: 3 puntos | |
| B. Competencia <u>lingüística</u> en inglés. | Certificación acreditativa segundo o MCER (Marco Común Europeo de Referencia) | Nivel C1 ou superior | 5 puntos |
| | | Nivel B2 | 4 puntos |
| | | Nivel B1 | 3 puntos |
| Máximo: 5 puntos | | | |
| C. Participación previa no Programa Erasmus + | Declaración <u>resonsable</u> do/da interesado/a | Participación no programa Erasmus+ ou Cartes por <u>primeira vez</u> ou <u>fai máis</u> de 2 anos | 2 puntos |
| | | Participación no programa Erasmus+ ou Cartes o ano pasado | 1 punto |
| | | Máximo: 2 puntos | |

5 Renuncia ás axudas

- No caso de que por motivos xustificadas un/unha beneficiario/a non poida facer a mobilidade para a que ten concedida unha axuda, este/a deberá presentar na coordinación de programas internacionais un escrito de renuncia. Adxudicarase a praza que queda vacante ao/á primeiro/a solicitante que figura na listaxe de reserva.
- Se o/a beneficiario/a tivera percibido un anticipo da axuda deberá reintegralo de acordo co procedemento que se recolle no Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, que se lle comunicará por escrito cando se resolva a aceptación da renuncia.

6 Presentación das solicitudes

O profesorado que desexe participar na mobilidade deberá descargar e cubrir o formulario de solicitude de Erasmus+ que dispoñible na páxina web do centro.

A documentación precisa (modelo de solicitude) para a mobilidade e a achega dos méritos alegados en caso de empate faranse chegar ao correo electrónico: internacional.cifp.audiovisual.vigo@edu.xunta.gal

7 Prazo de entrega das solicitudes

| | |
|-------------------|---|
| 12 de marzo | Publicación e difusión da convocatoria |
| 13 ao 15 de marzo | Data límite para presentación de solicitudes |
| 16 de marzo | Publicación do listado provisional de admitidos |
| 20 de marzo | Presentación de alegacións contra o listado provisional |
| 25 de marzo | Publicación do listado definitivo de admitidos |